

# COMUNICAR A CIENCIA A TRAVÉS DE CHARLAS, TEATRO E CINEMA

**Xurxo Mariño Alfonso**

10.17075/isdcg.2016.008



A transmisión do coñecemento de xeito oral e ao vivo, cara a cara, é a maneira máis directa, é probablemente das máis eficaces —cando se pensa nos receptores individuais e non no seu número—, de transmitir as achegas da ciencia. Segundo se nos conta, Sócrates consideraba este diálogo directo entre as mentes moi por riba da escritura, decisión que beneficiou a moitos atenienses, pero que privou a todas as xeracións vindeiras de acceder aos seus pensamentos a través de escritos elaborados directamente por el. Moito máis tarde, e para poñer outro exemplo salientable de comunicación oral para un público popular, a Royal Institution londiniense comezou en 1825 un programa de charlas científicas que chega ata os nosos días, as chamadas «Christmas Lectures». Inauguradas nada menos que por Michael Faraday, polo seu estrado teñen pasado moitos outros científicos e divulgadores relevantes, como John Tyndall, Carl Sagan ou Susan Greenfield. Pola súa banda, Thomas Henry Huxley, quen pasa por ser o popularizador da ciencia máis relevante do s. XIX, compaxinaba as súas actividades como biólogo, profesor de Historia Natural e escritor de obras científicas e de divulgación, con charlas divulgativas dirixidas a todo o tipo de público, nas que trataba non só temas relacionados coa bioloxía e a evolución, senón que tamén introducía a esencia da ciencia e os seus métodos, e a súa importancia para a sociedade.

Desde logo que hoxe en día a divulgación da ciencia mediante charlas, obradoiros, cafés científicos e outros formatos similares ou derivados dos anteriores segue a ser unha das principais vías de transmisión das achegas da ciencia ao público. Os asistentes a este tipo de eventos acostuman ser escasos, mais conseguen algo de gran valor: a interacción directa con aquelas persoas que, pola razón que for (científicos, xornalistas especializados, estudosos dalgún tema) teñen un coñecemento especial dalgún campo da ciencia.

Galicia goza dunha especial efervescencia neste tipo de eventos, organizados por asociacións culturais, agrupacións e colectivos de todo o tipo, museos, concellos e centros de ensino. A lista de actividades é realmente extensa. Para resaltar algúns dos exemplos máis novos ou de maior envergadura, este capítulo céntrase en tres tipos de formatos ou programas: os charlas organizadas en bares e pubs, os proxectos de conferencias divulgativas organizadas polas tres universidades galegas, e o «discurshow».

## FALANDO DE CIENCIA NOS BARES

A idea de xuntarse nun café ou bar con premeditación e de maneira organizada para falar de calquera tema non é nova. En Francia, Reino Unido e moitos outros países organízanse desde hai tempo eventos denominados «Café Scientifique» ou «Science Café», nos que os científicos explican de primeira man, de maneira divulgativa e nun ambiente distendido, algún tema científico. Moitos destes eventos organízanse de maneira local, pero outros teñen acadado xa carácter internacional, como as «Nerd Nite» ou «Pint of Science».

En Santiago de Compostela, a asociación estatal «ARP-Sociedad para el Avance del Pensamiento Crítico» organiza desde novembro de 2012 charlas de divulgación en pubs do casco antigo (en realidade, comezaron a programación cunha charla en abril de 2010, pero non se converteu nun evento periódico ata 2012). O contido destas charlas abrangue todos os campos da ciencia, pero cunha certa énfase na crítica a todo o tipo de prácticas e ideas pseudocientíficas. Os conferenciantes son, polo xeral, científicos ou profesionais sanitarios. Na actualidade, estas conferencias teñen unha periodicidade mensual, e a cada unha delas asiste entre 50 e 80 persoas. As enquisas feitas polos organizadores indican que un 50 % dos asistentes están directamente relacionados coa ciencia, sendo o resto do público estudantes e outras profesións. Esta actividade finánciase coas achegas da propia asociación organizadora, de «Círculo Escéptico», de colaboracións concretas dos asistentes, e do patrocinio dunha empresa de produtos de laboratorio, coa colaboración da USC, do local Airas Nunes e da asociación *Divulgación*. Os custos están dedicados esencialmente a pagar o transporte e estancia do conferenciante, que, polo xeral, é de fóra de Galicia.



Tamén en Santiago, e desde setembro de 2012, coa colaboración da USC, se organizan as «Nerd Nite», impulsadas por Jorge Mira e Alexandra Von Kameke. Téñense celebrado en locais como o pub *Kunsthalle*, o *Café Casino* ou a *Nave de Vidán*, cun notable éxito de público (unha media de 150 persoas por noite), normalmente formado por universitarios e profesionais interesados en temas relacionados coa ciencia e a tecnoloxía expostos por algún apaixonado «nerd». Celebradas normalmente os xoves dos meses lectivos, ás 21:30, estas «noites frikis» son un bo exemplo de que a comunicación da ciencia pode ser

unha alternativa de éxito ao botellón. Ademais, como indica Jorge Mira «é unha actividade de custo cero, sen orzamento, está montada en base a voluntariado: non se lle paga a ninguén, nin se pagan copas, nin hai custos en ningún concepto, agás 80 carteis que se imprimen (o custo total andará polos 20 ou 30 euros)».



En 2015, organizouse o evento «Pint of Science» a nivel internacional, con charlas en locais do Reino Unido, Irlanda, Francia, Italia, Australia, España, Alemaña e o Brasil. En Galicia, as charlas tiveron lugar ao longo de tres días de maio na Nave de Vidán (situado nas aforas da cidade) e, a pesar de que había que desprazarse ata o local un luns, martes e mércores ás 20:30, a ampla sala utilizada encheuse todos os días. Este é outro exemplo do interese que hai na sociedade para informarse sobre as achegas da ciencia, aínda que, de novo, a maioría do público estaba formado por universitarios e profesores, un sector da poboación ao que xa se lle presupón un interese especial pola cultura e a ciencia.

Pero dentro das actividades de divulgación que se desenvolven en bares e locais similares, o proxecto máis innovador é o dos chamados «café-teatro científicos», no que participan científicos e actores. O formato naceu en 2006 dentro das actividades financiadas polo Programa de Comunicación e Sensibilización Social do Plan galego de I+D+i da Consellaría de Innovación e Industria da Xunta de Galicia, xestionado por Silvia López e Eva Martínez, da

Dirección Xeral de I+D que nese momento dirixía Salustiano Mato. Os científicos do grupo Neurocom da UDC, Casto Rivadulla e Xurxo Mariño, encargáronse de organizar cafés científicos por vilas de toda Galicia, coa novidade de que tamén participaban os actores Vicente Mohedano e César Goldi. O papel destes últimos consiste en facer de axitadores, mestres de cerimonia e animadores, mentres que os científicos participantes conversan e discuten co público. O formato é especialmente atractivo polo feito de que, na maioría dos casos, a maioría do público presente nos bares non acode para participar no evento divulgativo, senón que se ve sorprendido pola charla científica e as actuacións teatrais, nunha especie de «emboscada científica». Trátase dun tipo de público que raramente acudiría de seu a un relatorio de ciencia, pero que, como indican as enquisas que se fixeron ao longo de varios anos nestes cafés-teatro científicos, unha vez que comeza o evento non marchan, senón que quedan no bar escoitando as charlas e participando nas discusións.



A raíz do éxito desta actividade, nos anos 2006-2007, os seguintes anos os investigadores do grupo Neurocom continuaron coa organización de cafés-teatro científicos por moitas vilas de Galicia grazas ao financiamento tanto da Xunta de Galicia (a través do programa InCiTe da xa citada Dirección Xeral de I+D da Consellaría de Innovación e Industria) como da FECYT (Fundación Española para la Ciencia y la Tecnología). As axudas oscilaron entre 8000 e 13 000 €, que permitiron realizar entre 9 e 14 eventos por ano.

Nos primeiros anos de desenvolvemento dos cafés-teatro científicos, ao final da actividade, entregábanse enquisas para cubrir polos asistentes que así o desexaban. Como exemplo, comentamos os resultados de 140 enquisas feitas en 7 localidades no ano 2007, ás que asistiron entre 25 e 70 persoas por localidade, cunha media de idade de 41 anos.

A maioría das persoas que estaban no bar non eran estudantes ou cun perfil relacionado coa ciencia ou a universidade, senón traballadores de todo o tipo, precisamente o perfil de destinatario que interesaba nestes eventos. Os asistentes indicaron que tiñan uns coñecementos previos sobre o tema tratado

entre medios e baixos, e que o nivel ao que se trataron os contidos non resultou elevado, senón axeitado para os seus coñecementos.

A inmensa maioría dos presentes indicou que aprendeu entre algo e moito, e ademais, que iso serviu para aumentar o seu interese polos temas tratados.

Os resultados son realmente alentadores e, aínda que o público total que asiste aos cafés-teatro científicos non é realmente moito, trátase dun sector da sociedade que raramente accede á ciencia deste xeito, discutindo sobre as súas achegas directamente con científicos.

No ano 2011, a FECYT incluíu os cafés-teatro científicos inventados en Galicia na súa lista de «Prácticas inspiradoras en cultura científica», e en 2012 o Instituto Cervantes levou os cafés-teatro científicos nunha xira mundial, desde Tánxer ata Nova Delhi, pasando por Dublín, Estocolmo e outras cidades.

## DA UNIVERSIDADE Á ESCOLA

Dentro da divulgación realizada mediante charlas a cargo de científicos, hai unha actividade moi intensa e que pasa practicamente desapercibida para o resto da sociedade, que consiste nos programas que teñen as tres universidades galegas de divulgación en centros de ensino secundario. Estas actividades teñen dous obxectivos esenciais: un é de carácter propagandístico, que consiste en informar os futuros alumnos das liñas de investigación que están a desenvolverse en cada universidade, e o outro obxectivo, que neste caso vai inextricabilmente ligado ao anterior, é o divulgativo.

A USC ten o programa máis elaborado e ambicioso, chamado «A Ponte entre o Ensino Medio e a USC». Nel non se imparten unicamente charlas temáticas—que é como definen as charlas de divulgación—, senón que tamén se fan outro tipo de actuacións para dar a coñecer a Universidade e o seu funcionamento, como unha xuntanza co persoal directivo e orientador dos centros de ensino (na que participaron 88 centros no curso 2014-2015), ou visitas da USC (nas que participan profesores e alumnos da Universidade) aos centros de ensino, para dar a coñecer a Universidade (cun total de 129 visitas que chegaron a 7860 estudantes, tamén no curso 2014-2015). Respecto ao custo do programa, o seu Coordinador, Luis Hervella, indica que «A información referente ao custo do Programa é variable dun ano a outro, dependendo das actividades que se realizan cada ano e das achegas económicas que recibimos. Actualmente temos unha partida fixa da USC de 18 000 €, que procuramos complementar con 10 000 € que no presente ano nos concedeu o Consello Social da USC. Para o desenvolvemento deste programa, contamos con dúas funcionarias de administración, dedicadas integramente a el, que perciben os seus salarios con cargo a USC». Debido ao éxito do programa, e para atender

mellor todas as peticións, no curso 2014-2015 nomeouse tamén un coordinador no Campus de Lugo.

Respecto das charlas de divulgación deste programa da USC, no curso 2014-2015 impartíronse en centros de ensino medio de Galicia nada menos que 232 charlas (a partir dunha oferta de 108 distintas). Para facérmonos unha idea do abano desta ampla oferta divulgativa, algúns dos títulos das conferencias que se impartiron foron os seguintes: «Matemáticas útiles, matemáticas bellas», por Leovigildo Alonso; «Investigar con virus», por Francisco Javier Benavente; «Impacto do radon en Galicia», por Dolores Cortina; «Curso de Cociña Estatística: receitas sinxelas para cociñeiros noveis», por Rosa María Crujeiras; «O bosón de Higgs», por José Daniel Edelstein; «Como funciona o meu ordenador», por Francisco Manuel Fernández; «A Arquitectura Popular», por Juan Ortiz; «Alimentos transxénicos, a solución?», por José Antonio Rodríguez; ou «O sangue, os coches e a auga movéndose coas matemáticas da mesma familia», impartida por María Elena Vázquez.

A Universidade de Vigo, a través da «Sección de información ao estudante» (SIOPE) ofertaba no curso 2015-2016 un total de 20 charlas divulgativas. Pola súa banda, na UDC o «Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante» (SAPE) é quen se encarga de organizar as charlas de divulgación científica para seren impartidos nos centros de ensino. No curso 2015-2016, ofertábanse máis de 100 distintos.

Entre os profesores universitarios galegos dedicados a impartir charlas de divulgación científica, —tanto nos centros de ensino como en bibliotecas, museos, asociacións culturais, etc—, destacan pola súa intensa actividade o xenetista Anxo Carracedo, o físico Jorge Mira e o neurocientífico Xurxo Mariño. Con temas centrados na xenómica; a física e a astronomía; ou a mente e as percepcións, cada un destes científicos-divulgadores imparte de xeito habitual e durante o curso académico ao redor de 2-3 charlas semanais.

## **O PROGRAMA CONCIENCIA DA USC**

Dentro das actividades de comunicación da ciencia baseadas en charlas para un público non especializado, destaca o programa *ConCiencia*, promovido pola USC e o Consorcio de Santiago, que se desenvolve de xeito ininterrompido desde 2006. Tal e como indicaban os propios organizadores na primeira edición, «O obxectivo do programa Conciencia é difundir entre a cidadanía a importancia que merece o saber científico como unha forma máis de cultura, ao tempo que se producen intercambios de coñecementos entre a comunidade científica galega e as personalidades máis sobresaíntes do ámbito científico internacional».



Uns obxectivos que matizan da seguinte maneira:

«-A divulgación científica a cargo de Premios Nobel/Medalla Fields/Premio Abel.

-Proxecta-la imaxe da Cidade de Santiago de Compostela como foco universal do pensamento.

-Servir de ponte para o reforzamento de contactos científicos entre líderes da máxima relevancia científica mundial e o corpo de investigadores da USC.

Estas bases diferencian o programa *ConCiencia* de calquera outra iniciativa de divulgación científica, posto que buscan, á marxe da clásica conferencia ou acto puntual, a rendibilización da visita destes Premios Nobel favorecendo o seu contacto con especialistas locais».



Ao longo dos seus 10 anos de vida, pasaron por este programa científicos como Richard R. Ernst, Torsten Wiesel, John Nash, Harold E. Varmus, Ada E. Yonath ou Sheldon L. Glashow. Relacionado co programa *ConCiencia*, estableceuse en 2008 o Premio Fonseca, que polo de agora tivo galardoados entre os anos 2008 e 2011. Os premiados foron Stephen Hawking, James Lovelock, David Attenborough e Roger Penrose, curiosamente todos eles do Reino Unido. A asistencia ás conferencias destes últimos tiveron unha acollida extraordinaria para tratarse de charlas de divulgación, e o número de asistentes oscilou entre 800 e 2300 persoas en cada acto. Pola súa banda, as conferencias de divulgación impartidas polos convidados ao programa *ConCiencia* teñen tamén unha ampla acollida, cunha asistencia —dependendo do lugar escollido e do conferenciante— que oscila entre 80 e 2500 persoas (isto último no caso de John Nash). O seu organizador, Jorge Mira, estima que o número total de asistentes ao total de charlas de divulgación destes dous programas rolda os 15 000.

Respecto do seu financiamento, Mira indica que «algo moi destacable (e que case sempre se esquece) é o seu baixo custo: practicamente todas as actividades que houbo en España con Premios Nobel movéronse en orzamentos de centos de miles de euros, agás *ConCiencia*, que se moveu en decenas de millar. Mesmo nos anos de maior actividade (incluíndo todos os gastos de organización do Premio Fonseca), os máximos non pasaron dos 70 000 euros, algo que lle parece moi meritório á xente que coñece a loxística destas cousas. Nunha primeira etapa, as partidas de orixe pública movéronse entre os 50 000 e os 70 000 euros (un ano houbo unha contribución da FECYT de 15 000 euros). Nos últimos anos moveuse entre os 20 000 e os 10 000. As partidas públicas víronse compensadas en numerosas ocasións por outras de orixe privada, de diferentes institucións. Con todo, un eixe sobre o que se pivotou o sostemento deste programa foi a busca de sinerxias con centros de investigación, universidades e comités de organización de congresos».

## O «DISCURSHOW», UN FORMATO CREADO EN GALICIA

O *discurshow* é un novo formato para a divulgación do coñecemento científico creado polo científico Xurxo Mariño e o actor Vicente Mohedano. A medio camiño entre a charla e o teatro, consiste nunha conferencia de divulgación onde, ademais das presentacións audiovisuais, se traballa cun actor para transmitir conceptos, ideas ou situacións relacionadas con algún tema científico, da súa filosofía ou da súa historia. O guión, o *atrezzo*, as luces e a montaxe están estruturados como nunha obra de teatro, o cal require sesións de ensaios para sincronizar o traballo dos dous participantes.

O primeiro *discurshow* presentouse en Santiago de Compostela en setembro de 2009, co título de «Matarratos Darwin». Nel facíase unha crónica da viaxe que fixo Charles Darwin ao redor do mundo entre 1831 e 1836, aproveitando os detalles e as anécdotas da viaxe para explicar conceptos de cartografía, navegación, bioloxía, xeoloxía, etc. Representouse en máis de 30 ocasións, principalmente en centros de ensino secundario (maiormente en Galicia), en museos de ciencia (de todo o Estado, desde a *Domus* de Coruña a *CosmoCaixa* Madrid) e Universidades (tamén de todo o Estado).



No ano 2012, desenvolveron un *discurshow* máis ambicioso —tecnicamente e na súa posta en escena— titulado «Protón. A atribulada existencia dunha partícula inmortal». Neste caso, o espectáculo de divulgación explica a evolución física e orgánica das partículas no universo, desde o Big-Bang ata o momento actual, partindo do nacemento dun protón e rematando no sistema nervioso dun ser humano. Igual que no caso anterior, presentouse dúcias de veces por todo o Estado, visitando centros de ensino, museos e universidades de Bilbao, Zaragoza, Palma de Mallorca, A Coruña, Ferrol, Vigo, La Laguna, Madrid, Tarragona, Lleida, etc.

O proxecto iniciouse coas achegas económicas dos seus creadores e, logo dunha primeira etapa, autofinanciouse a partir do *caché* do propio *discurshow*. En 2015, o seu custo para os centros que o contrataron dentro de Galicia foi de 650 €. Fóra de Galicia, o prezo foi de 1000 € máis o desprazamento e a estadia. Parte das ganancias reinvéstense para a compra ou o mantemento do equipo técnico propio (sistema de amplificación de son e micrófonos sen fíos, proxectores de vídeo, ordenadores, *atrezzo*, iluminación, etc.).

## OS PUNTOS CIENTÍFICOS DE DIVULGACIÓN

Outro formato innovador desenvolvido en Galicia é o dos Puntos Científicos da asociación *Divulgación* (Asociación Galega de Comunicación de Cultura Científica e Tecnolóxica). Trátase dunha acción de rúa para, en certa medida, sorprender os viandantes e espertar a súa curiosidade pola ciencia. Consiste nunha sucesión de varias charlas breves (de 10 min) e de obradoiros (observación do ceo, extracción de ADN, etc). Téñense celebrado nas rúas de Ourense, O Grove, Sanxenxo, Santiago de Compostela ou A Coruña, e tamén no Culturalgal (Pontevedra). Esta actividade realízase de xeito gratuíto por parte dos membros de *Divulgación*, achegando cada un deles os custos de desprazamento e material.



## CIENCIA E CINEMA

É importante resaltar aquí a Mostra de Ciencia e Cinema que se desenvolveu na Coruña entre os anos 2007 e 2011, como un exemplo magnífico de interacción entre a ciencia e as artes. Este tipo de propostas ten unha relevancia especial polo seu labor de tender pontes entre espazos culturais que, en principio, viven en mundos afastados. O seu responsable, Martin Pawley (Óscar Sánchez), fai a seguinte escolma da Mostra:

A Mostra de Ciencia e Cinema (2007-2011) foi un evento cultural anual organizado pola Asociación de Amigos da Casa das Ciencias (AACC) co apoio da Concellaría de Cultura do Concello da Coruña que tivo como obxectivo a promoción e difusión de filmes sobre ciencia (non necesariamente divulgativos, fixemos fincapé en propostas de espírito máis experimental ou artístico). De maneira especial, a Mostra esforzouse en rachar a fronteira arbitraria das «dúas culturas», a das artes e a das ciencias, establecendo contactos entre creadores e investigadores de ámbitos moi diferenciados coa intención de explorar as relacións entre ambos mundos.

Quitada a edición de 2007, a «número cero», destinada a recordar os filmes premiados ao longo de vinte anos dos Premios Prisma dos Museos Científicos Coruñeses, as outras catro

tiveron carácter competitivo, cun xurado oficial e outro da mocidade formado por estudantes de secundaria e bacharelato. Do xurado oficial formaron parte tanto persoas do mundo da ciencia (Luís Martínez Otero, Pilar Tixerías, Eulalia Pérez Sedeño, Camilo José Cela Conde...) como do cinema (Lois Patiño, Oliver Laxe, Xurxo Chirro, Carlos Muguiro...) e outros ámbitos (Santiago Auserón, Manuel Bragado). Todas as actividades foron de balde e desenvolvéronse en diferentes espazos da cidade (Domus, CGAI, Fundación Luís Seoane, Fundación Rodríguez Iglesias, Fundación Caixa Galicia, Casa das Ciencias).

Pola sección competitiva pasaron obras de autores ben coñecidos polos cinéfilos como Barbara Hammer, Patricio Guzmán, Nicolás Philibert, J. P. Sniadecki, José Luis Torres Leiva... Fóra de concurso, dende clásicos da divulgación da ciencia como *Wunder der Schopfung* de Hanss Walter Kornblum (1925) até o recente *Encontros na fin do mundo* de Werner Herzog.



Houbo, ademais, ciclos como o dedicado a Barbara Hammer en 2009 (lendaria cineasta experimental americana que ofreceu, ademais, unha conferencia sobre a pegada da ciencia na súa obra), o ciclo de 2010 sobre o Film Study Center de Harvard (programado polo director do FSC e o Sensory Ethnography Lab da Universidade de Harvard, Lucien Castaing-Taylor, e Ilisa Barbash (coautores de «Sweetgrass»)), ou o Ciclo de documental portugués, en 2011, en colaboración coa asociación Viver a Ciéncia.

Na Mostra desenvólveronse tamén actividades especiais, como por exemplo, e en palabras de Pawley: «en 2009 o Recital de poesía e ciencia coa participación de Marica Campo, Emma Couceiro, Estibaliz Espinosa, Alfredo Ferreiro, Manuel Rivas e Xavier Seoane, que leron poemas propios e alleos con algunha referencia á ciencia e á tecnoloxía. O acto foi presentado por Lucía Aldao e contou coa actuación musical de Guadi Galego, Guillermo Fernández e Xabier Díaz; a proxección de *Nanook o esquimó* de Robert Flaherty con música en vivo de Miguel Prado e Roberto Mallo e narración de Belén Regueira; en 2010 o Recital Jazz + Ciencia. Textos sobre ciencia de Feynmann, Einstein, Rita Levi-Montalcini... nas voces de Belén Regueira e Susana Rois e acompañamento musical de Abe Rábade; e en 2011 a proxección de *Einstein's Theory of Relativity* (1923) e *Evolution* (1925) de Max e Dave Fleischer, con narración en vivo de Belén Regueira e Susana Rois».

Respecto do financiamento, a Mostra de Ciencia e Cinema contou na súa etapa inicial (2007–2008) coa axuda da Xunta (recibiu para eses dous anos 46 000 € a través do programa «Diverciencia» da Dirección Xeral de I+D). Nos anos seguintes, financiouse con achegas principalmente do Concello da Coruña (con apoio tamén da Deputación), orzamentos que foron diminuindo paulatinamente, pasando de ao redor de 40 000 € en 2009, a 20 000 € en 2010, e á beira de 14 000 € en 2011. No ano 2012, os organizadores presentaron unha proposta cunha petición de 5000 € ao Concello da Coruña, que foi rexeitada.

## CONCLUSIÓNS

Os exemplos de arriba son só unha pequena mostra da multitude de charlas de divulgación e outros eventos divulgativos —sobre todo aqueles relacionados coas artes escénicas como o teatro ou o cinema— que se celebran en Galicia ao longo do ano. Descríbense algunhas das actividades máis novas polo seu formato, pero hai que ter en conta que, en total, o número de centros de ensino, concellos, asociacións, agrupacións culturais e outros colectivos que organizan charlas sobre ciencia é moi elevado. As agrupacións universitarias de estudantes, os grupos ecoloxistas, as asociacións micolóxicas, as bibliotecas públicas e os departamentos de cultura de moitos concellos organizan de xeito habitual e ao longo do ano conferencias de divulgación científica.

Polo que pode verse, Galicia é especialmente activa e innovadora neste tipo de comunicación da ciencia. A cidade de Santiago de Compostela concentra a maior parte de programas estables de charlas de divulgación xa que alí se celebran os actos da asociación Escépticos no Pub, as *Nerd Nites*, o evento *Pint of Science* e as charlas do Programa Conciencia. Pola súa banda, A Coruña, ao contar coa sólida infraestrutura dos Museos Científicos Coruñeses, ten tamén unha oferta bastante constante de conferencias de divulgación de moi alto nivel,

razón pola cal ao mellor non se instalaron nesa cidade eventos como os sinalados en Compostela. En Lugo, Ourense, Pontevedra e as grandes vilas galegas non existe unha programación estable de charlas de divulgación similar, agás as realizadas por agrupacións (por exemplo, as agrupacións micolóxicas ou colectivos como o Instituto de Estudos Miñoranos), que si teñen programación estable, pero dedicada a un abano de temas específicos.

Respecto do papel das Universidades neste tipo de divulgación, destaca o programa de charlas en centros de ensino secundario e o Programa Conciencia da USC. Sería desexable que as outras Universidades galegas investisen máis medios e infraestruturas para o desenvolvemento de programas estables de comunicación da ciencia.

Por outra banda, e a pesar do pulo que claramente existe na maioría de actividades e eventos descritos, destaca a desaparición da Mostra de Ciencia e Cinema, ausencia que debería ser transitoria, dada a súa calidade, repercusión internacional e o valor especial de todas as actividades que tentan rachar coa separación entre as culturas científica e humanística.